

A illa de Tarifa.

O castelo de Tarifa recorda as orixes da cidade: Tarif, un xefe ao mando dos primeiros musulmáns chegados á península. Que logo fose cambiando de mans e de relixión non foi máis que o destino de todos os castelos, como o é arrodearse de casas e de xente. Din que Tarif asentouse no illote das Palomas, sempre vixiado pola torre que ocupa o faro Camarinal.

As laminarias poboan o mar arredor da illa. Todos os outonos perden as súas grandes frondes, e todas as primaveras voltan agromar.

As laminarias teñen varias vantaxes competitivas sobre outras algas. As suas frondes son o moi ergonómico resultado dunha evolución que as levou a esa forma tan ben adaptada ás correntes.

A fixación que impide que sexan arrincadas pola forza da auga, confírea un recio estipe e un hapterio con rizoides poderosos, que ancoran en calquera superficie dura, sexa rocha, ánfora ou restos de barcos, tan abundantes nas augas tarifeñas.

A grande superficie das suas frondes optimiza a captación de luz, e polo tanto, a fotosíntese, é dicir, a base de toda a cadea trófica, os eslabóns intermedios da cal son os invertebrados carnívoros como as anémonas ou as estrelas de mar. E tamen o ourizo de fondura, de pugas brancas e dotado de glándulas venenosas.

Pero entre os organismos fotosintéticos e os carnívoros, hai eslabóns intermedios; organismos herbívoros e filtradores, como os fermosos corais, que alfombran os taludes da illa de Tarifa, da que só unha pequena parte asoma na superficie.

Na sua parte mergullada, as paredes de rocha ás que chega a luz albergan unha grande diversidade de especies. Peixes como o tres colas achéganse ás paredes onde as correntes arrastran o plancton do que se alimentan. O coralíxeno e un festín.

As estruturas ramificadas son frecuentes entre a fauna submarina, como é o caso das gorgonias ou o gorgonocéfalo, un parente das estrelas de mar.

A ramificación permite aumentar a superficie, unha estrategia adaptativa propia de organismos sésiles ou con escasa mobilidade, que teñen que captar o alimento sen o perseguir.

As gorgonias, ademáis, son a perfecta expresión da camuflaxe. Os pólipos habitan dentro desas estruturas minerais que lles dan aparencia de pedras inertes.

Tamén os tentáculos do polbo semellan pólas que multiplican o seu esforzo, aínda que posiblemente as súas máis eficaces e potentes armas sexan a súa vista e o seu cerebro.

As paredes inclinadas e as covas son o hábitat de organismos adaptados á penumbra. E da profundidade, ás veces sube un peixe de San Pedro. A este cazador solitario, as espiñas da súa aleta dorsal danlle un porte maxestuoso, que culmina un ocelo aposemático no medio de cores iridiscentes.

E non se esgotan as estratexias para buscar comida. O salmonete de lama usa os barbillóns para remexer no sedimento na procura de pequenos animais e restos orgánicos.

Outros despistan aos seus perseguidores con movementos rápidos en grupo. Incluso nas augas da illa de Tarifa, onde abunda o alimento, a lei é comer e non ser comido.